

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25/10/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira

Soledad Vilela Romero

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

Non asiste

(Con Excusa)

Teresa Fernández Martínez

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Expedientes POS+18 (Plan único de Concellos).-
- 4º.- Aprobación Certificación Obra.-
- 5º.- Asuntos varios.

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **25/10/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 17 de Outubro de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A JUAN MARCOS MARCOTE BUITURÓN, veciño de Fisterra, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa a empregar en parte dunha parcela sita na localidade de Mallas deste

Termo Municipal con Referencia Catastral 15038A502007850000DO, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e Modificado ao mesmo redactados polo Arquitecto Manuel Ángel Marcote Escariz de datas Xaneiro de 2017 e Agosto 2018 respectivamente así como as directrices impostas pola Dirección de Augas de Galicia na Resolución dictada con data 28/08/2018 que constan no expediente; condicionada a que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, oficios correspondentes de dirección de execución material, de ser o caso ademais do coordinador de seguridade e saúde e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.

- Para o inicio das obras deberá de cumprir co disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deba acreditarse antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.

- As obras de acometida a rede xeral Abastecemento Municipal de Auga teranse que executar coas seguintes condicións:

- a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

- b. A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1") en 16 atmosferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

- c. Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncoconico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta).

Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90 mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para

que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocárase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d. Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e. O interesado comunicárase coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión as redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f. Co fin de garantir a reposición do firme da calzada que, faráse co mesmo material que o pavimento orixinal, deberáse presentar aval bancario ou ingreso en metálico nas arcas municipais nun importe de MIL CINCO EUROS (1.005,00 €).

• Unha vez rematadas as obras, comunicáraselle ó Ente Público AUGAS DE GALICIA quen procederá ao seu recoñecemento final naqueles casos que considere oportuno.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pe da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- EXPEDIENTE : 05 / 2017

-- CONCESIÓN DA LICENZA: 25 de Outubro de 2018

-- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Solo non urbanizable de núcleos rurais Tradicionais (NRT)

-- PROMOTOR: Juan Marcos Marcote Buiturón

-- CONSTRUTOR: -----

-- DIRECTOR DE OBRA: -----

-- DIRECTOR DE EXECUCION MATERIAL: -----

-- NUMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: Planta Baixa

-- USOS: Vivenda unifamiliar

-- PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN: Tres anos

O cartel será un taboleiro hidrofugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Dous mil cento corenta e un euros con nove céntimos (2.141,09 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de NOVENTA E SETE MIL TRESCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (97.322,19 euros).

A JUAN MARCOS MARCOTE BUITURÓN, veciño de Fisterra, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada con garaxe a emprazar en parte dunha parcela con Referencia Catastral 15038A502007850000DO sita na localidade de Mallas deste Termo Municipal debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado polo Arquitecto Manuel Ángel Marcote Escariz de data Xullo de 2018 así como as Directrices impostas pola Dirección de Augas de Galicia mediante Resolución de data 28/08/2018 que constan no expediente; condicionada a que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudo de seguridade e saúde, oficios correspondentes de dirección de execución material, de ser o caso ademais do coordinador de seguridade e saúde e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.
- Condicionarase a autorización para o inicio das obras ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto. O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinara o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente a solicitude de primeira utilización da edificación.

- Co fin de garantir a reposición do firme da calzada para a conexión coa rede de abastecemento público deberase presentar aval bancario ou realizar un depósito na conta do concello de MIL EUROS (1.000,00 €)

- As obras de acometida a rede de servizo municipais de abastecemento de auga teranse que executar coas seguintes condicións:

a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b. A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1”) en 16 atmosferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c. Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncoconico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta).

Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90 mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d. Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e. O interesado comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectue a correspondente conexión as redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

- Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu reconecemento final nos casos en que considere oportuno.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pe da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- EXPEDIENTE : 2018 / U022 / 000013

-- CONCESIÓN DA LICENZA : 25 de Outubro de 2018

-- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Solo non urbanizable de núcleos rurais Tradicionais (NRT)

-- PROMOTOR: Juan Marcos Marcote Buiturón

-- CONSTRUTOR: -----

-- DIRECTOR DE OBRA: Manuel Angel Marcote Escariz, Arquitecto

-- DIRECTOR DE EXECUCION MATERIAL: -----

-- NUMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B+1

-- USOS: Vivenda unifamiliar

-- PRAZO MAXIMO DE EXECUCION: Tres anos

O cartel será un taboleiro hidrofugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Dous mil douscentos vinte e dous euros con setenta e nove céntimos (2.222,79 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de CIENTO UN MIL TRINTA E CINCO EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (101.035,77 euros).

A MARÍA JESÚS INSUA LADO, veciña de Fisterra, para proceder á Rehabilitación dunha Edificación Tradicional para destinala a Vivenda Unifamiliar con Referencia Catastral 001902400MH75D0001DQ debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e Anexo redactados polo

Arquitecto F. Ramón García Martínez de datas 26 de Decembro de 2017 e Setembro de 2018 respectivamente que constan no expediente ; condicionada a que :

- **As obras non se poderan iniciar sen presentar previamente proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, oficios correspondentes de dirección de execución material, de ser o caso ademais do coordinador de seguridade e saúde e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.**

- **Condicionarase a autorización para o inicio das obras ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto. O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinara o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.**

• As obras de acometida a rede de servizo municipais de saneamento teranse que executar coas seguintes condicións:

a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b. Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terá unha pendente mínima de 2%.

c. Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e cunha pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descenderá o máis recto posible, non permitindo curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d. A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior a da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm

de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias máis ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando ésta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral e innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, dispórase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión a rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f. O tubo de saneamento descorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer parelas ambas instalacións.

g. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar a rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara a cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i. O interesado comunicárase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión as redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pe da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- EXPEDIENTE : 2018 / U022 / 000001

-- CONCESIÓN DA LICENZA : 25 de Outubro de 2018

-- ORDENANZA DE APLICACION: Solo non urbanizable de núcleos rurais Tradicionais areas consolidadas (NRTC)

-- PROMOTORA : María Jesús Insua Lado

- CONSTRUTOR : -----
- DIRECTOR DE OBRA: Ramón García Martínez, Arquitecto
- DIRECTOR DE EXECUCION MATERIAL: José Valiña Romero, ArquitectoTécnico.-
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B+1
- USOS: Vivenda unifamiliar
- PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN: Tres anos

O cartel será un taboleiro hidrofugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Dous mil douscentos noventa e catro euros con once céntimos (2.294,11 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de CENTO CATRO MIL DOUSCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (104.277,89 euros).

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ALEJANDRA BENLLOCH RIVAS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 761 de 22/03/2018) para proceder á colocación de Lona publicitaria no lateral dunha edificación con Referencia Catastral 8610610MH7581S0001KU.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Outubro de 2018 que a documentación presentada para a instalación está completa coa indicación clara e expresa de que deberán acadarse todos os condicionantes indicados na Autorización concedida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultura dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con data 19 de Setembro de 2018 que consta no expediente e da que se dará traslado á interesada.-

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do

Regulamento de servizos das corporacións locais, por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para dita instalación de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas por esa Dirección Xeral .-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de VERACRUZ PAZOS MARIÑO, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.866 de 10/10/2018) para proceder á realización de obras consistentes no pintado de tres fachadas en cores claros, arreglos da entrada con substitución de dous peldaños de acceso por outros novos e reparación do solo do porche existente nunha vivenda con Referencia Catastral 8802324MH7580S0001KD.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 17 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de FELISA DÍAZ LIRES, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.868 de 10/10/2018) para proceder á realización de obras consistentes na substitución da tella actual por outra nova dun almacén existente na finca dunha vivenda sita na citada Rúa, con Referencia Catastral 8505311MH7580N0001DT.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 17 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de CARMEN VELAY DOMÍNGUEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.852 de 9/10/2018) para proceder o lavado e pintado de dúas fachadas en cor branco dunha vivenda con Referencia Catastral 8505501MH7580N0001RT mediante a ocupación da vía pública con andamios nunha superficie de doce metros.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 17 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **PLÁCIDA TRILLO LIZANCOS**, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.225 de 14/05/2018) para proceder á realización de obras consistentes na reparación da fachada norte con pintado en cor branco dunha vivenda con Referencia Catastral 8705501MH7580N0001AT mediante a ocupación da vía pública con andamios nunha superficie de cinco metros.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 17 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en resolución de data 15/10/2018 que consta no expediente .-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS TRAVESÍA DE CORBEIRO**, con CIF H15876220, e domicilio social na Travesía de Corbeiro, 4 desta Vila, (Rexistro de Entrada 2.844 de 8/10/2018) para proceder á realización das obras consistentes na reparación de humidades existentes na planta baixa dunha vivenda sita na citada Rúa con Referencia Catastral 8802326MH7580S).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 16 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de

conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUEL DÍAZ REY, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.160 de 26/07/2018) para proceder ás obras consistentes no lavado e rexuntado das paredes dunha vivenda (Referencia Catastral 001402400MH75F0001AL).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JUAN RAMÓN TRILLO BALDOMAR, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 974 de 18/04/2018) para proceder ás obras consistentes na reparación do teito existente con colocación de viguetas, chapa de fibrocemento, tella con lavado e encintado da pedra exterior, nunha edificación (Referencia Catastral 8104805MH7580S0001PD).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en resolución de data 10/10/2018 que consta no expediente .-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA MERCEDES SANTAMARÍA ÁLVAREZ, (Rexistro de Entrada 2.567 de 6/09/2018) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da conexión do servizo de auga potable conectando coa rede de abastecemento municipal que pasa pola zona con destino a unha parcela (Referencia Catastral 8404948MH7580S0001HD),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 16 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b.- A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadradillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c.-Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d.-Colocarase un contador homologado de 13 mm na aliñación establecida nas NNSS de 1996 que se corresponde con 4 m ao eixo do camiño no que se localiza a rede de abastecemento.

e.- O interesado comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de auga, para que por esta se efectúe a correspondente conexión á rede pública e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f.- A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á realización de obras dun tramo de liña soterrada de Baixa Tensión con canalización proxectada de dous metros en Ermedesuxo de Arriba, Polígono 502, Parcela 497 deste Termo Municipal desde un appio de formigón existente, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo López Alonso de data 4/10/2018 que consta no expediente; condicionada a que :

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada desta Corporación.-.

2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Un euros con vinte e cinco céntimos (1,25 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Nove euros con dezaseis céntimos (9,16 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

C) Visto o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación con data 23/10/2018, a Xunta do Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda proceder a devolución da fianza imposta con data 25/06/2018 por importe douscentos euros (200,00 €) por parte de FRANCISCO LIRES RIVAS, veciño de Fisterra, como consecuencia da Licenza urbanística concedida no seu día para apertura de gabia con motivo da realización das obras de conexión coa rede de abastecemento de auga potable con destino a unha finca.-

D) Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ALEXANDRA BENLLOCH RIVAS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada

267 de 30/01/2018) para proceder á substitución dos balcóns por galerías no piso primeiro e segundo dunha edificación con Referencia Catastral 8610610MH7581S0001KU.

Resultando que o Informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística con data 8 de Outubro de 2018, determina que é Desfavorable a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa debendo acadarse para poder realizar as mesmas a:

-- Nova proposta nos termos indicados na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 19/09/2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda Denegar á Alexandra Benlloch Rivas, o título habilitante para tales actuacións en base as razóns antes expostas, sen prexuízo de que poida prantexarse a nova proposta ante a citada Dirección Xeral por parte da solicitante.-**

E) Visto o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de urbanismo desta Corporación con data 24/10/2018 en relación coa licenza urbanística concedida por esta Xunta na sesión do día 21 de Xaneiro de 2016 a nome de LUCAS KARIM RAZGALLAH, veciño de Cee,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución (visado con data 18 de Setembro de 2018) e o Anexo de Obra Urbanizadora redactados por parte do Arquitecto Manuel Angel Marcote Escariz presentados polo Promotor para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada, composta de Soto, Planta Baixa e Planta Alta a emprazar nunha parcela con Referencia Catastral 15038A503001580000DX sita na localidade de Padrís do Termo Municipal de Fisterra resultante do Proxecto Básico e Anexos redactados polo mesmo Arquitecto con datas Outubro de 2015, Xaneiro de 2016 e Marzo de 2018 respectivamente que constan no expediente, debéndose axustarse e cumprir con tódalas condicións impostas na Licenza urbanística concedida .-

2) Co fin de garantir a reposición do firme, unha vez efectuadas as obras de acometida de auga presentárase ante este Concello unha Fianza de mil douscentos euros (1.200 €).

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de

terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Trescentos setenta e catro euros con tres céntimos (374,03 €) en concepto da diferenza do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de DOUSCENTOS CATRO MIL CENTO SESENTA E SEIS EUROS CON TRES CÉNTIMOS (204.166,03 euros).

3) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

3º.- Expedientes POS+18 (Plan único de concellos).-

A) Vista a Circular de data 15 de Xuño de 2018 sobre aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizo de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) 2018 así como a Resolución da Presidencia da Excmá Deputación Provincial de 8 de Outubro de 2018 sobre concesión de prórroga para adxudicación das Obras e Subministracións incluídas no mesma ata o 30 de Xuño de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1.- Iniciar expediente para a contratación da " Subministración e Cadros a instalar no Núcleo Urban de Fisterra e nos Núcleos Rurais de Escaselas, Ermedesuxo de Arriba e Vigo -Fisterra " por un importe de Vinte e nove mil cincocentos oitenta euros con noventa e oito céntimos (29.580,98 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó modelo de prego de Cláusulas administrativas aprobado no seu día, xunto cos Criterios de adxudicación que constan no expediente.-.-

2.- Publíquese Anuncio da licitación electrónica dentro da Plataforma de Contratación del Estado (<https://contrataciondelestado.es>) para que por parte dos interesados poidan presentar única e exclusivamente de forma electrónica a través da mesma, a documentación prevista no citado Prego en base o cadro de características e valoracións do mesmo que consta no expediente dentro do prazo de Vinte días naturais (20) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación na citada Plataforma.--

3.- De conformidade co previsto no Artigo 15.1 do Prego de Cláusulas Administrativas determinar que a Mesa de Contratación que procederá a avaliar as proposicións dos licitadores que poidan presentarse e formular proposta de adxudicación ante o órgano de contratación, estará integrada por :

Presidente

Jose Marcote Suárez.- Alcalde

Vogais

**Alexandre Domínguez Lado
Secretario Interventor da Corporación.-
Arquitecto/a Departamento Urbanismo**

Secretario

José Marcote López.- Funcionario da Corporación

B) Vista a Circular de data 15 de Xuño de 2018 sobre aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizo de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) 2018 así como a Resolución da Presidencia da Excma Deputación Provincial de 8 de Outubro de 2018 sobre concesión de prórroga para adxudicación das Obras e Subministracións incluídas no mesma ata o 30 de Xuño de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1.- Iniciar expediente para a contratación da Obra denominada " Mellora de Servizos e Pavimentación Ermedesuxo de Arriba, Castro e Sixto " por un importe de Oitenta e catro mil seiscientos setenta e seus euros con seis céntimos (84.676,06 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó modelo de prego de Cláusulas administrativas aprobado no seu día polo citado Organismo Provincial xunto cos Criterios de adxudicación que constan no expediente.-.-

2.- Publíquese Anuncio da licitación electrónica dentro da Plataforma de Contratación del Estado (<https://contrataciondelestado.es>) para que por parte dos interesados poidan presentar única e exclusivamente de forma electrónica a través da mesma, a documentación prevista no citado Pregó en base o cadro de características e valoracións do mesmo que consta no expediente dentro do prazo de Vinte días naturais (20) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación na citada Plataforma.--

3.- De conformidade co previsto no Artigo 15.1 do Pregó de Cláusulas Administrativas determinar que a Mesa de Contratación que procederá a avaliar as proposicións dos licitadores que poidan presentarse e formular proposta de adxudicación ante o órgano de contratación, estará integrada por :

Presidente

Jose Marcote Suárez.- Alcalde

Vogais

**Alexandre Dominguez Lado
Secretario Interventor da Corporación.-
Arquitecto/a Departamento Urbanismo**

Secretario

José Marcote López.- Funcionario da Corporación

C) Vista a Circular de data 15 de Xuño de 2018 sobre aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizo de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) 2018 así como a Resolución da Presidencia da Excmá Deputación Provincial de 8 de Outubro de 2018 sobre concesión de prórroga para adxudicación das Obras e Subministracións incluídas no mesma ata o 30 de Xuño de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1.- Iniciar expediente para a contratación da Obra denominada "Urbanización Rúa Laranxos e Camiño Insua-Fisterra " por un importe de Cento quince mil corenta e nove euros con setenta e cinco céntimos (115.049,75 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó modelo de prego de Cláusulas administrativas aprobado no seu día polo citado Organismo Provincial xunto cos Criterios de adxudicación que constan no expediente.-.-

2.- Publíquese Anuncio da licitación electrónica dentro da Plataforma de Contratación del Estado (<https://contrataciondelestado.es>) para que por parte dos interesados poidan presentar única e exclusivamente de forma electrónica a través da mesma, a documentación prevista no citado Prego en base o cadro de características e valoracións do mesmo que consta no expediente dentro do prazo de Vinte días naturais (20) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación na citada Plataforma.-.-

3.- De conformidade co previsto no Artigo 15.1 do Prego de Cláusulas Administrativas determinar que a Mesa de Contratación que procederá a avaliar as proposicións dos licitadores que poidan presentarse e formular proposta de adxudicación ante o de contratación, estará integrada por :

Presidente

José Marcote Suárez.- Alcalde

Vogais

**Alexandre Domínguez Lado
Secretario Interventor da Corporación.-
Arquitecto/a Departamento Urbanismo**

Secretario

José Marcote López.- Funcionario da Corporación

4º.- Aprobación Certificación Obra.-

Unha vez examinada e encontrandoa conforme, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a Certificación Única da Obra denominada " Saneamento e Pavimentación Vilar-Fisterra " por un importe total de Cento dezaoit mil euros (118.000 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido incluída no Convenio 83 / 2017 formalizado coa Excmá Diputación Provincial con data 12 de Xullo de 2017, debidamente asinada polo Contratista Adxudicatario, Búa Construcciones y Servicios S.L. e Director de Obra do Departamento de Urbanismo desta Corporación.-

Así mesmo remítase certificación deste acordo ao citado Organismo, xunto coa documentación prevista no Convenio pola Sede Electrónica coa finalidade do libramento da aportación provincial.-

5º.- Asuntos varios

VENDA AMBULANTE A) RENOVACION ANUAL DE POSTOS (2º TURNO - 2018)

Vistos os expedientes individuais iniciados coa finalidade de renovar os postos que se ocupan na venda ambulante deste concello para o ano 2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polas persoas interesadas e conceder autorización para realizar a venda ambulante neste concello durante o ano 2018, ás persoas que de seguido se indican:

NUM/ MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
10 4 MTS	AMADO BOTANA, M ^a . Soledad	Carballo	663.1 ALIMENTACIÓN
11 12 MTS	VARELA SUAREZ, José Manuel	- Coristanco	663.2 TEXTIL
12 8 MTS	FERRERUELA FERRERUELA, David	Santiago	663.2 TEXTIL
14 6 MTS	ROSILLO FERRERUELA, Ramón	Santiago	663.2 TEXTIL
15 15 MTS	SANTOS LEMA, Francisco	Camariñas	663.2 TEXTIL
16 6 MTS	ROSILLO FERRERUELA, José Luís	Santiago	663.2 TEXTIL
18 10 MTS	FERNANDEZ FERNANDEZ, Montserrat A	Milladoiro - AMES	663.2 TEXTIL
21 8 MTS	BLANCO LEMA, José	Arteixo	663.2 TEXTIL
22 10 MTS	LEKBAB, Bachir	Arteixo	663.2 TEXTIL

27 7 MTS	GONZALEZ PEREZ, Manuel	Santiago	663.2 TEXTIL
28 6 MTS	GUEYE LO, Khadim	A Coruña	663.9 MERCADURIAS
31 12 mts	RODRIGUEZ GONZALEZ, Antonio	Carballo	663.9 MERCADURIAS
32 10 MTS	LEMA MARTINEZ, M ^a . Rosa	Camariñas	663.2 TEXTIL
39 4 MTS	DAME DIOP, Medou	A Coruña	663.9 MERCADURIAS
40 18 MTS	CARREIRA GALLEGO, José Luís	Fisterra	663.2 TEXTIL
41 7 MTS	GUEYE, Abdou	A Coruña	663.9 MERCADURIAS
43 5 MTS	DIOS GONZALEZ, Isidoro	Cee	663.2 TEXTIL
44 8 MTS	SALAZAR ROSILLO, M ^a . Sonia	AMES	663.2 TEXTIL

2º) Notificar este acodo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

B) BAIXA POSTOS - 2018

Vistos os expedientes individuais que non presentaron a documentación necesaria para renovar a ocupación dos postos que usan na venda ambulante deste concello durante o ano 2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Dar de baixa no Padrón Municipal de Venda Ambulante deste concello para o ano 2018, ás persoas que de seguido se indican, toda vez que non presentaron a documentación necesaria para proceder a súa renovación:

NUM/ MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
1 6 MTS	MARTIN SIMOES, Angelo Filipe	A Laracha	663.9 MOBLES
3 8 MTS	LEMA AGUILAR, Luz María	Arteixo	663.9 MERCADURIAS
4 4 MTS	SATZLER, Klaus Willi	Arteixo	663.1 ALIMENTACIÓN
5 10 MTS	FERRERUELA JIMENEZ, Concepcion	Santiago	663.2 TEXTIL
6 14 MTS	JIMENEZ BORJA, Beatriz	Milladoiro - AMES	663.2 TEXTIL
8 8 MTS	JIMENEZ DE LEON, M ^a . Purificación	Milladoiro - Ames	663.2 TEXTIL
9 6 MTS	ESCUADERO DURILLO, Mónica	Santiago	663.2 TEXTIL
20 10 MTS	LOUGZILI RIDA, Jilali	A Baña	663.2 TEXTIL
24 10 MTS	MOUMNI BELAIDI, Soumia	Arteixo	663.2 TEXTIL
29 8 MTS	SANTOS CASTIÑEIRA, Isabel	Corcubión	663.2 TEXTIL
33 7 MTS	VAZQUEZ RABUÑAL, Albina	Santa Comba	663.2 TEXTIL

34 8 mts	FERNANDEZ FERNANDEZ, Ramón	Santiago	663.2 TEXTIL
36 6 MTS	OZORES LAGO, Lourdes	Vilanova de Arousa	663.2 TEXTIL
38 16 MTS	PEREIRA TAJES, Juan Ramón	Vimianzo	663.1 ALIMENTACIÓN
42 8 MTS	FERNANDEZ FERNANDEZ, Rubén	Milladoiro - AMES	663.2 TEXTIL
45 6 MTS	JIMENEZ SILVA, Eva María	Santiago	663.2 TEXTIL
47 6 MTS	FERRERUELA FERNANDEZ, Enrique	Santiago	663.2 TEXTIL

2º) Notificar este acodo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

ACTIVIDADES CLASIFICADAS

A) TRANSMISIÓN DE LICENZAS DE APERTURAS

Visto o expediente iniciado co número 2818 (RE) de 4/10/2018 por **Juan Francisco Rivas Domínguez**, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “cafe bar” que se localiza na pranta baixa da edificación da rúa Federico Avila, 6 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 6/4/2017, a Xunta de Goberno Local concedíulle a Manuela Castrege Insua, licenza definitiva de apertura de “cafe bar” que se localiza na pranta baixa da edificación da rúa Federico Avila, 6 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada por Manuela Castrege Insua e por Juan Francisco Rivas Domínguez.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Juan Francisco Rivas Domínguez, para o inicio da actividade de “café bar” que se localiza no baixo da edificación da rúa Federico Avila, 6 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

SERVIZOS SOCIAIS

Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por

unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. E. S., veciño de Fistera, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de primeira necesidade e aluguer, ó tratarse dunha persoa carente de medios económicos.--

Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a L. G. M. S. , veciño de Fistera, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de transporte co motivo de traslados a Unidade Asistencial de Carballo ano 2018, ó tratarse dunha persoa carente de medios económicos.--

Este acordo adoptase sen a presenza do Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira polo seu parentesco co solicitante.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:35 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.